

# HEILLES CONTAR UNHA HISTORIA

1  
Heilles contar unha historia  
que lle pasou a un mozo  
cunha rapaza noviña  
dunha aldea que eu conozo.

2  
El chamábase Xacobo,  
ela Pepa se chamaba;  
o rapaz era moi pillo  
ela seica lle gañaba.

3  
Cuarta feira pola tarde  
pasou Pepa pró muíño  
e atopouse con Xacobo  
que esperaba no camiño.

4  
El viña cun feixe de herba  
que fora buscar ó prado  
e para parolar con Pepa  
póusaa sobre do valado.

5  
Moi boas tardes, Xacobo;  
que veñan boas, Pepiña;  
vinte vir polo carreiro  
e esperei unha miguiña.

6  
Pepiña, quéroche tanto,  
ténoche tanto cariño  
que o día que non te vexo  
póñome por ti toliño.

7  
Os amores e os rapaces  
se falan cunha solteira  
cando logran o que queren,  
busca nena quen te queira!

8  
Eu son formal coma poucos  
anque é feo que o diga;  
das mulleres que coñezo  
ti e-la mellor amiga.

9  
Eu sen ti non teño acougo;  
eu sen ti morro de pena;  
eu sen ti non sei onde ando  
cando non te vexo, nena.

10  
Eu dun amor estou presa  
e quixera verme libre;  
libre quedo, se me queres,  
que non hai nada imposible.

11  
Pepiña da miña alma,  
vidiña do meu cariño,  
moito máis te quereda  
se me deras un biquiño.

12  
Xacobo, xa o parecía,  
moito ollo, ten coidado,  
sigue polo teu carreiro  
que non es do meu agrado.

13  
Se viñas con esa idea  
podes ir coida-las cabras;  
non che son daquelas nenas  
que se fían das palabras.

♩ = 96 | CANTO NARRATIVO



Hei - les con - tar u - nha his - to - ria



que lle pa - sou a un mo - zo



cu - nha ra - pa - ci - ña no - va



du - nha al - de - a que eu co - no - zo. —